

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 23 de marzo de 2023

Lugo, 24 de febreiro de 2023.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

**Expediente: 3104**

Término municipal de:	FRIOL
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	Adaptación da estrada LU-231. Friol-A Baluca, puntos quilométricos 0+000-18+700 (enlace autoestrada A-54) ao plan de baixa imd mellorada. _Treito 0+000-9+400
Clave:	LU-16-075-10-1

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
52	FERNANDEZ NEIRA JOSE ANGEL, NEIRA REGA DIVINA	AVDA. BENITO FARIÑAS, N.º 6-SABARÍS-36300 BAIONA (PONTEVEDRA)
34; 33	MVMC CARBOEIRO, EXP 26/76-11/2016	AS PARDELLAS, 3-CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)

Lugo, 24 de febreiro de 2023.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

R. 0567

**CONCELLOS  
CERVANTES**

*Anuncio*

**APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2023**

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello de data 22 de febreiro de 2023, o Orzamento Xeral, Bases de Execución, e o plantel de persoal para o exercicio económico 2023, con arranxo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días dende a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

De conformidade co acordo adoptado, o Orzamento considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Cervantes, 27 de febreiro de 2023.- O Alcalde, Benigno Gómez Tadrín.

R. 0568

**O CORGO**

*Anuncio*

**LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS**

O Sr. Alcalde, o día 27 de febreiro de 2023, e de conformidade co establecido na base sexta da convocatoria, ditou Resolución na que se contén a seguinte LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA proceso libre excepcional para a consolidación e estabilización como persoal laboral fixo do posto de dous postos de oficial 2ª

tractoristas para desbroce tratamentos preventivos e un posto de encargado de instalacións e edificios municipais cuxo obxecto é a estabilización de emprego temporal ao abeiro do establecido no Real Decreto 14/2021, de 6 de xullo de medidas urxentes para a redución da temporalidade conforme ao que establece o apartado B 2 da oferta de emprego público aprobada por resolución da alcaldía de 5 de novembro de 2021, corrección de erros publicada no BOP de Lugo de 8 de xuño de 2022. Na citada Resolución contense tamén O NOMEAMENTO DO TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN E DATA DE AVALIACIÓN DE MÉRITOS.

## 1. LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS:

### 1.-Postos de oficial 2ª tractoristas para desbroce tratamentos preventivos

Lista de admitidos.

NOME APELIDOS	DNI	GALEGO
DIEGO LÓPEZ FERNANDEZ	76****30-D	EXENTO
JOSE MANUEL TABOADA PUMARIÑO	33****96-L	EXENTO
JOSE LUIS LOPEZ DIAZ	33****10-P	EXENTO
JESUS DIAZ BUSTO	33****93-L	EXENTO

Excluídos: non hai

### 2.-Encargado de instalacións e edificios municipais

Lista de admitidos

NOME APELIDOS	DNI	GALEGO
FRANCISCO TALLON FERREIRO	33****65-V	EXENTO
ISAAC LENCE FRANCO	34****46-M	EXENTO

Excluídos: non hai

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento.

## 2. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA DA CONSTITUCIÓN:

**PRESIDENTE:** D<sup>a</sup> ANA M<sup>a</sup> RIVAS GARCÍA, Secretaria-Interventora do Concello de Becerreá.

**Secretario:** D. MARCO A. GARCÍA-GABILÁN SANGIL, Secretario-Interventor do Concello do Corgo.

1º Vogal: D<sup>a</sup> MÓNICA GIMÉNEZ LÓPEZ, Letrada da Deputación Provincial de Lugo

2º Vogal: D. JESÚS MORADO LÓPEZ, Técnico do Concello de Friol

3º Vogal: : D<sup>a</sup> BELÉN LÓPEZ LÓPEZ, Secretaria- interventora do Concello de Pastoriza

### Suplentes:

- Suplente presidente: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> DOLORES RODRÍGUEZ GÓMEZ, Traballadora Social do Concello de Taboada.
- Suplente secretario: D. JULIO GONZÁLEZ CASANOVA Secretario- Interventor do Concello de Friol.
- Suplente 1º vogal: D<sup>a</sup> MARGARITA VIÑA SANTOS, Traballadora Social do Concello de Portomarín
- Suplente 2º vogal: D<sup>a</sup> PAZ RODRÍGUEZ RIVERA, Axente de emprego e Desenvolvemento Local no concello do Friol.
- Suplente 3º vogal: D<sup>a</sup> NATALIA PUENTE PIÑEIRO, Traballadora Social do Concello de Begonte.

**DATA DE CONSTITUCIÓN E AVALIACIÓN DE MÉRITOS:** martes día 14 de marzo de 2023, ás 12:00 horas no Punto de Atención á Lectura do Corgo.

Finalizada a avaliación de méritos referentes á presente convocatoria a relación definitiva das puntuacións finais realizárase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de edictos do concello e no taboleiro de edictos da sede electrónica.

O Corgo, 27 de febreiro de 2023.- ALCALDE, Felipe Labrada Reija.

R. 0569